

Código do documento UCPVI00B8	Código do expediente UCP/2011/30
Código de Verificación Electrónica (COVE)  5D6M 6B3X 1V4U 493H 0IVB	

RBF

RESOLUCIÓN

Unha vez que se examinou o expediente que se tramitou para a contratación da execución do subministro denominado "Alugamento de elementos decorativos Nadal 2011-2012", a adxudicar mediante procedemento negociado.

ANTECEDENTES

1. O 10 de outubro de 2011, mediante a resolución nº 1624, o Sr. Alcalde aprobou o expediente de contratación mediante procedemento negociado sen publicidade do subministro de referencia.
2. Para tal efecto publicouse un anuncio no perfil de contratante no que se solicitaban ofertas de empresas capacitadas para a súa realización.
3. Unha vez que se analizou a documentación administrativa, resulta que todos os licitadores, agás CLABISEÑA, S.L., , teñen capacidade suficiente para ser admitidos no procedemento de contratación, e se solicita do Xefe de promoción económica, formación e emprego a valoración das mesmas
4. Unha vez que se viu o informe que emite o técnico municipal e as ofertas económicas que se presentaron, clasificáronse as ofertas admitidas á licitación.
5. O 16 de novembro de 2011 de conformidade co disposto polo apartado segundo do artigo 135 da Lei 30/2007, pola que se aproba a lei de contratos do sector público (en adiante, LCSP) requiriuse ao licitador que presentou a oferta economicamente máis vantaxosa para que presentara a documentación esixida.
6. No prazo que se estableceu, a empresa acreditou estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, o xustificante de estar dado de alta no Imposto sobre Actividades Económicas e declaración xustificativa de estar exento do pagamento do Imposto sobre Actividades Económicas, así como o documento acreditativo de ter constituído a garantía definitiva por importe do 5% do importe de adxudicación, excluído o Imposto sobre o Valor Engadido.
7. Vista a nota informativa nº 83/11 emitida pola Secretaria xeral na que informa desfavorablemente a proposta de adxudicación do contrato.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

1. O artigo 153 LCSP establece que no procedemento negociado a adxudicación recaerá no licitador xustificadamente elixido polo órgano de contratación, tras efectuar consultas con diversos candidatos e negociar con eles as condicións do contrato.
2. O artigo 135 LCSP establece no seu apartado terceiro que a adxudicación deberá elevarse a definitiva dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O apartado cuarto establece que a adxudicación deberá ser motivada.

En base a todo o que

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Excluir do procedemento de adjudicación as ofertas presentadas polos seguintes licitadores, cuxas ofertas non foron admitidas polas razóns que de xeito resumido se expoñen:

Licitador:	Causa
CLABISEÑA, S.L.	Non acreditar a solvencia técnica esixida (art.7.1.PCAP, art. 43.1 LCSP)

SEGUNDO.- Declarar a validez do acto celebrado e adjudicar a execución do subministro de "Aluguer de elementos decorativos de Nadal 2011-2012" á empresa ILUMINACIONES SANTIAGUESAS, S.L., CIF B-15279359, por ser a que presenta unha mellor oferta considerando os aspectos de negociación que se estableceron, fixando o prezo en 29.325,00 €, IVE engadido.

a) En relación cos candidatos descartados, visto o informe técnico e aberta a oferta económica, outórganse as seguintes puntuacións:

C.I.F. P-1503100-H

EMPRESA	Creatividade e deseño	Calidades elementos e aforro enerxético	Subtotal	Prezo	Total
CREACIONES LUMINOSAS, S.L.	20	34	54	18,03	72,03
BLACHERE ILUMINACIÓN ESPAÑA, S.A.	28	35	63	21,18	84,18

TERCEIRO.- Requerir ao adjudicatario para que, dentro do prazo de 15 días hábiles contados desde o seguinte á recepción da notificación deste acordo compareza para a sinatura do contrato.

CUARTO .- De conformidade co disposto polo artigo 135.4 LCSP, notificar a presente resolución aos licitadores e publicar a adjudicación no perfil de contratante do órgano de Contratación.

QUINTO- Nomear responsable técnico dos traballos a D. Carlos Traviesas Sampedro, xefe Servizo de promoción económica, formación e emprego, ao que corresponderá supervisar a súa execución e adoptar as decisións e ditar as instrucións necesarias co fin de asegurar a correcta execución da prestación que se pactou.

SEXTO.- Dar conta da presente resolución á Intervención municipal.

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición ante a Alcaldía-Presidencia, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da notificación do presente acto, ao abeiro do establecido no artigo 117.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro; ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña que corresponda, no prazo de dous meses, desde o día seguinte ao da recepción da presente notificación, de acordo co establecido nos artigos 8.1 e 46.1 da Lei 29/1998, de 13 de xullo.

Non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo, se se interpuxera o potestativo de reposición, en tanto non se resolva expresamente ou se produza a desestimación presunta do mesmo polo transcurso do prazo dun mes desde a súa interposición, de acordo co establecido no artigo 117.2 da Lei 30/1992, de 26 de novembro.

Neste caso, o prazo para a interposición do recurso contencioso-administrativo será de dous meses desde a resolución expresa do recurso, a contar desde o día seguinte ao da notificación do mesmo; ou ben, seis meses, a contar desde o día seguinte en que deba entenderse desestimado por silencio administrativo o citado recurso potestativo de reposición.

En todo caso, poderá interpoñer calquera outro recurso que estime conveniente para a defensa dos seus intereses.

Culleredo, 25 de novembro de 2011.

A proposta de
O xefe de servizo de economía e facenda

Intervido e conforme,
O interventor xeral en funcións

Asdo.: Roberto Babío Fernández

Asdo.: Roberto Babío Fernández

C.I.F. P-1503100-H

Conforme coa proposta, elévase a resolución

Culleredo,

Dou fe,

O alcalde

A secretaria xeral

Asdo.: Julio Sacristán de Diego

Asdo.: Pilar María Pastor Novo